

IMPORTES AXUDAS DE CUSTO, QUILOMETRAXE E OUTROS

Tempada 2026/27. Circular 26-02.

Xerais

A seguir indícanse os importes correspondentes a axudas de custo, quilometraxes e outros aplicables a todos os membros da Federación.

Os desprazamentos e asistencia as competicións deberá estar debidamente xustificada e aprobada, ben polo CGA, no caso dos membros do xurado, ou pola FEGAN no caso dos membros da organización.

Para calquera desprazamento en vehículo propio a cargo da federación pagaranse 0,23 euros por quilómetro sempre que o desprazamento sexa dun mínimo de 30 quilómetros entre a ida e a volta. Empregarase a táboa de distancias quilométricas por estrada do «Mapa de Carreteras» do Ministerio de Fomento.

Independentemente, pagaranse tamén as peaxes, para o que será necesaria a presentación do recibo ou xustificante correspondente. A axuda de custo por comida establécese en 20 euros.

Terase dereito a dieta de comida sempre e cando a competición sexa de mañá e de tarde non podendo reclamar a dieta en competicións de unha soa xornada. A dieta é aplicable a persoal organizativo e membros do CGA de fora da localidade. Como excepción ao disposto, autorízase o pago dunha dieta de comida por Competición para o delegado/a do CGA nesa delegación, e as competicións que polas características propias da mesma, a hora de inicio ou finalización esté comprendida entre as 14:00 e as 16:30.

Terase dereito a dieta de cea ou almorzo sempre que ese día se faga noite no lugar da competición. O facer noite aprobase para competicións de dous ou mais días sempre e cando o desprazamento sexa superior a 50 quilómetros.

O facer noite para o día anterior á celebración competición apróbase sempre e cando o desprazamento sexa superior ás dúas horas e implique saír antes das 07:00 do lugar de orixe para chegar á competición atendendo ás funcións que desempeñe e hora na que teña que estar presente na piscina a persoa á que se teña que conceder.

Desprazamentos da selección galega

Aos adestradores que se despracen acompañando a calquera das seleccións galegas corresponderalles a cantidade de 30 euros por día de competición. No Campionato de España por Autonomías pagaranse amais 50 euros polos días de desprazamento.

Concentracións organizadas pola FEGAN

Nas concentracións pagaranse os gastos de desprazamento e aloxamento aos adestradores colaboradores convocados.

Programa GES

Aos adestradores convocados que se despracen acompañando a calquera dos seus deportistas corresponderalles a cantidade de 15 euros por sesión de traballo. Amais no caso de desprazarse en vehículo propio a federación pagaralles 0,23 euros por quilómetro empregando a táboa de distancias quilométricas



por estrada do «*Mapa de Carreteras*» do Ministerio de Fomento. Independentemente, pagaranse tamén as peaxes, para o que será necesaria a presentación do recibo ou xustificante correspondente.

A Coruña, 5 de xullo de 2026